

TEMA 6- A PREHISTORIA: DO PALEOLÍTICO AO NEOLÍTICO

1. [O proceso da hominización.](#)
2. [Principais cambios anatómicos e culturais no lento proceso de hominización.](#)
3. [Etapas da Prehistoria](#)
4. [O Paleolítico](#)
5. [O Neolítico](#)
6. [A Idade dos Metais](#)

O PROCESO DA HOMINIZACIÓN

A Historia é a ciencia que estuda o pasado da humanidade. Por iso a primeira pregunta que nos temos que facer é cando apareceron os seres humanos?


A resposta tradicional de “Adán e Eva” queda como conto de orixe relixiosa pero non é válida dende unha perspectiva científica. Foi Charles Darwin quen, no século XIX, enunciou a Teoría da Evolución das Especies (Evolucionismo), baseada na idea da selección natural. O ser humano é un primate e por tanto, comparte antepasados comúns co mono. Denomínase **hominización** ao proceso evolutivo da especie humana os seus devanceiros até o estado actual.

Podemos sintetizar esta evolución humana nas seguintes fases:

- Hai uns 4 millóns de anos apareceu o primeiro homínido, o **Australopithecus**, que supuxo o tránsito entre os primates e os homes. Introduce o bipedismo. Non é considerado aínda un Homo pois, aínda que utilizaba instrumentos do seu medio, non os fabricaba. Viviu en África e tiña un cerebro moi pequeno, apenas 500 cc.
- O **Homo Habilis** (hai uns 2 millóns de anos ata hai 1,6 millóns): Foi o primeiro en elaborar utensilios (de aí o de “habilis”), polo que é considerado o primeiro representante do xénero Homo. O seu cerebro achegábase aos 600 cc. Tamén viviu en África.
- O **Homo Ergaster – Erectus** (hai 1,7 millóns de anos ata hai 400.000): Ten un cranio de maior tamaño, desde os 850 cc. do Ergaster ata os 1100 cc do Erectus. Crese que foi o primeiro homínido con capacidade para a linguaxe e de dominar o lume. Foi a especie que se expande por Asia e Europa.
- O **Homo Antecessor** (800.000 ata hai 350.000 anos): O seu cranio é duns 1000 cc. Considérase o primeiro homínido propiamente europeo e del derivan os homos sapiens: tanto o sapiens sapiens como o sapiens neanderthalensis. O principal xacemento desta especie está en Atapuerca (Burgos).
- O **Homo Sapiens Neanderthalensis** (230.000 ata hai 25.000 anos): Non é un antepasado directo noso, senón dunha póla paralela na árbore evolutiva que conviviu coa nosa especie. O seu aspecto era similar ao noso pero era máis robusto e forte. O seu cerebro era o máis grande de todas as especies: chegaba aos 1500 cc. Foi o primeiro en enterrar aos seus mortos, fabricar o lume e crear ferramentas especializadas para cada tarefa. Esta especie garda moitos segredos, por exemplo, as causas da súa extinción non están claras, aínda que algúns científicos sosteñen que os Homo Sapiens Sapiens quitáronlles os seus terreos de caza. Outra dúbida que existe é se

ambas especies se chegaron a mesturar. Hai científicos que afirman, por exemplo, que o pelo vermello é de orixe Neanderthal.

- O **Homo Sapiens Sapiens** (140.000 anos ata hoxe): É a especie do ser humano moderno. A súa capacidade cranial é de 1400 cc. Ao igual cos neanderthalensis, elaboraba útiles sofisticados e sabía acender lume. Desenvolveron a arte, quizais con fins rituais, como as pintura en cavernas chamadas rupestres e o tallado e a escultura. Poboou todos os continentes.



PRINCIPALES CAMBIOS ANATÓMICOS E CULTURAIS NO LENTO PROCESO DE HOMINIZACIÓN.

Resumindo, podemos concluír que o lento proceso de hominización caracterizouse polos seguintes cambios anatómicos e culturais:

- Posición vertical e marcha bípeda que permitiu a liberación das mans que se poderán usar para comer e para fabricar utensilios, grazas tamén ao polgar opoñible.
- Aumento da capacidade do cranio, e en consecuencia, do cerebro. Ademais a fronte foise facendo máis plana, apareceu o queixo e diminuíu o tamaño das mandíbulas e dos dentes.
- Desenvolvemento da linguaxe (o que permitiu que os coñecementos se transmitisen de xeración en xeración) e doutras actividades sociais (crenzas, arte...).



Se queres afondar neste proceso de hominización, fai [clik](#) neste enlace



ETAPAS DA PREHISTORIA

É o período de tempo que vai desde a aparición do home, hai 2 millóns de anos, até o descubrimento da escritura, aproximadamente no ano 3.300 a.C. Ten en conta que ata a aparición do Homo Hábilis non podemos falar de seres humanos propiamente dito.

Como é unha etapa moi longa, para facilitar o seu estudo divídese á súa vez en

dous grandes períodos:

- **Idade de Pedra** (desde hai 2.000.000 anos até o 4.000 a.C.), que á súa vez comprende:
 - **Paleolítico** (ou Pedra Tallada/Antiga), que vai desde hai 2.000.000 a.C. até o 7.000 a.C.
 - **Neolítico** (ou Pedra Puída/Nova), que vai desde o 7.000 a.C. até o 4.000 a.C.
- **Idade dos Metais** (desde o 4.000 a.C. até o I milenio a.C.), que á súa vez comprende (simplificando a cronoloxía)
 - **Idade do Cobre ou Calcolítico** (IV e III milenio a.C.)
 - **Idade do Bronce** (II milenio a.C.)
 - **Idade do Ferro** (I milenio a.C.)

O PALEOLÍTICO

Nesta época, o ser humano era nómade, ou sexa, non tiña unha residencia fixa, desprazábanse permanentemente en busca do alimento. Vivían en pequenos grupos con lazos familiares chamados bandas sen claras diferenzas entre os seus membros, sen líderes formais e que vivían en campamentos estacionais ou en covas.

A súa economía era depredadora, do tipo caza-recolección. A caza foi pouco importante ao principio do Paleolítico, predominando a recolección e o carroñeo. A medida que o ser humano progresou física e tecnoloxicamente a caza foi cobrando maior importancia. Así o Homo Erectus xa cazaba e facía trampas. Os neandertais e os sapiens tamén aprenderon a pescar.

A esperanza de vida no Paleolítico era de 20 anos xa que calquera infección ou enfermidade grave era mortal.

TECNOLOXÍA

Ao longo deste período desenvolvéronse moito os coñecementos técnicos, como o manexo dos diferentes materiais que tiñan ao seu alcance como madeiras, ósos e pedras que aprenderon a tallar para facer armas e ferramentas: ao principio bifaces (instrumento de pedra cortante polas dúas caras como o da imaxe), coitelos, puntas de frecha e logo, con ósos, arpóns e anzois.



Aprenderon a manexar o lume, a usalo para quentarse, ter luz, cociñar, escorrenstar e cazar animais e finalmente aprenderon a produci-lo.

Foron quen de tratar as peles dos animais para cubrirse con elas ou usalas para transportar ou almacenar alimentos.

CRENZAS


O feito de que o home primitivo non abandonase aos seus mortos e os enterrase cun cerimonial, demostra a presenza de ideas relixiosas. Ao falecido lavábano e colocábano na tumba en posición fetal, unha postura parecida á que ten o feto no ventre da nai. Acompañando ao corpo poñían armas, adornos e alimentos que demostran que crían no mantemento da personalidade no “máis alá”.

ARTE

Soe afirmarse que o creador das artes plásticas foi o Homo sapiens sapiens. As máis coñecidas son as súas pinturas rupestres, chamadas así porque están realizadas nas paredes de covas. Son obras policromadas, ou sexa, usan distintas cores. Para isto empregaban pigmentos tomados da natureza como o carbón para a cor negra ou óxido de ferro para o vermello, mesturados con graxas animais ou resinas. Os temas representados son preferentemente animais (sobre todo bisontes e cabalos). O mellor exemplo destas pinturas atopámolo en España, nas covas de Altamira (Cantabria).

Existe un debate  sobre o seu significado: uns afirman que o seu obxectivo era un ritual máxico-relixioso para propiciar a caza e outros afirman que eran para celebrar ritos de paso da adolescencia á idade adulta.

Outra manifestacións artísticas son as **Venus**, pequenas esculturas feitas en pedra ou óso que representan mulleres espidas, con atributos sexuais moi marcados. Puideron ser representacións da Gran Deusa Nai, ou dunha deusa da fecundidade, ou da avoa do grupo social, ou mesmo representar os ideais de beleza.



Se queres coñecer mellor a cova de Altamira, podes ollar [este vídeo](#) de 3' de duración.

O NEOLÍTICO

Na última etapa do Paleolítico, ao rematar o período glacial, mellorou o clima o que vai permitir que, en moitas zonas da Terra, se produza un gran cambio no modo de vida daqueles cazadores-recolectores: a **Revolución Neolítica**. Cara o ano 7000 a.C, o ser humano aprende a producir os seus propios alimentos grazas á **agricultura** (cereais e legumes) e a **gandaría** (primeiro ovellas e cabras, e logo vacas e porcos). A isto chamámolo **economía produtora**.

Ao ter que cultivar, están obrigados a vivir nun mesmo lugar durante longos períodos de tempo converténdose en sedentarios. Aparecen así os poboados con cabanas feitas de madeira, pedra e barro que se converterán en cidades debido ao aumento da poboación que houbo ao estar mellor alimentados.

Estes cambios producíronse primeiramente no Oriente Próximo, no coñecido Crecente Fértil, entre os ríos Tigris e Éufrates, pero apareceron igualmente de xeito autónomo noutros lugares, como en India, China, Vietnam, Centroamérica ou Sudamérica.

TECNOLOXÍA

O termo "Neolítico" (pedra nova) fai referencia a un cambio na técnica no traballo coa pedra, xa que se púe ademais de tallala. Adáptanse os instrumentos ás novas necesidades agrícolas. Pero foi unha época revolucionaria xa que houbo moitos máis progresos:

- Inventouse a cerámica que permitirá gardar e cocer os alimentos.
- Empezan a usarse os primeiros trenzados de fibras, primeiro con vimbio para facer cestos e logo a la, o liño e o cáñamo para facer tecidos.



CRENZAS

Cando o ser humano se converte en sedentario, comezou tamén a modificar os seus espazos e características no referente ás súas ideas máxico-relixiosas.

A aparición da agricultura influíu de maneira moi poderosa nas ideas relixiosas e a fertilidade da terra, xunto cos elementos da natureza que fan posibles as colleitas, adquire carácter sagrado. Comezou así o rito da Gran Deusa Nai, que representaba a forza vital e a fecundidade.

Os enterramentos neolíticos seguen mantendo as ofrendas de comida, adornos e outros obxectos. Nas paredes dalgunhas das construcións funerarias aparecen tamén signos e figuras antropomorfas, todo iso relacionado co culto á Gran Deusa Nai. Isto demostra, non só a súa crenza na vida de ultratumba,

senón
detalles

a  existencia de mitos e ritos, aínda que carecemos de
concretos deles.

ARTE

As representacións artísticas tamén cambiaron durante este período.

Na pintura, as figuras pasaron a ser representadas dun xeito máis esquemático e normalmente cunha soa cor (monocromáticas), priorizando fixar a idea, o concepto, é dicir, crear símbolos non tanto de imaxes. Ademais a figura humana foi tomando protagonismo. As mellores mostras desta pintura en España atópanse na zona



Cova de Remigia (Castellón)
CC-BY-SA (mediateca.educa.madrid.org)



Reconstrucción de Jericó, considerada a cidade máis antiga da humanidade
CC BY-SA O coleccionista de instantes (Flickr)

do Levante polo que se lles coñece como pinturas levantinas.

IDADE DOS METAIS

Xorde arredor do 4.000 a.C. como necesidade de novos materiais para fabricar as súas ferramentas e grazas á invención da forxa que lles permitiu moldear os metais, fundamental para a súa evolución técnica e cultural.

O primeiro metal que se traballou foi o **cobre**, pero era pouco consistente. Máis tarde chegaría a aliaxe de cobre máis estaño que deu como resultado o **bronze**. Máis apropiado para a fabricación de armas, ferramentas e xoias. Cara ao 2.000 a.C. descubriuse o uso do ferro.

A utilización dos metais supuxo un gran avance na evolución da humanidade e provocou grandes cambios nas formas de vida. A procura de metais cos que elaborar as ferramentas e utensilios supuxo un gran impulso do comercio. As aldeas que se atopaban nas rutas comerciais aumentaron a súa riqueza, medraron e formaron pequenas cidades con varios miles de habitantes. Nestas

cidades aparecen novas ocupacións: comerciantes que se ocupaban de comprar e vender, sacerdotes que se ocupaban dos ritos relixiosos e guerreiros encargados de defender a poboación. Esta maior diversificación social levou, en última instancia, á xerarquización das sociedades xa que os sacerdotes, os guerreiros e as persoas máis ricas da comunidade adquiriron unha situación privilexiada fronte ao resto da poboación.

Neste período hai civilizacións que entran xa na Historia ao descubrir e desenvolver o uso da escritura.

Producíronse algúns dos inventos de maior importancia no desenvolvemento humano:

- A roda, aplicada primeiro ao torno do oleiro e logo á creación de carros. Con ela melloraron os transportes.
- A vela, permitiu aos barcos aproveitar a forza do vento co que aumentou o tamaño das embarcacións e co que se podían transportar máis mercadorías, e chegar máis rapidamente a terras máis afastadas.
- O arado, fixo posible labrar maiores extensións de terreo rapidamente ao ser arrastrados por animais, o que mellorou a alimentación.
- Outros grandes inventos da época foron o regadío e a construción de canles para chegar a auga aos campos de cultivo.

Non temos que esquecer que nalgúns lugares da Terra nunca se desenvolveu a tecnoloxía do metal fundido e por tanto permaneceron na Idade de Pedra ata que se atoparon con outras culturas máis desenvolvidas tecnoloxicamente.

ARTE/CRENZAS

Aínda que se empezaron a construír a finais do Neolítico, é durante a Idade dos Metais cando teñen un gran auxe a construción de grandes monumentos de pedra denominados monumentos megalíticos ou megálitos. Os principais tipos destes monumentos son:

Os **menhires** ou  **pedrafitas**, grandes pedras alongadas cravadas verticalmente no chan. Non se coñece ben o seu significado, probablemente eran lugares onde se rendía culto ao sol ou algún rito relacionado coa fecundidade. Poden aparecer agrupados en fileiras formando un **aliñamento** como o de Carnac; ou formando círculos constituíndo entón un **crómlech**, como o famoso de Stonehenge. Probablemente tiñan un carácter relixioso.



Os **dolmens** eran sepulturas para grupos de persoas. Son construcións máis complicadas. Están compostas por grandes pedras verticais formando un muro, cunha gran laxa a modo de cuberta, Acostumaban estar cubertas de terra formando un túmulo. En Galicia son moi frecuentes e reciben diferentes nomes: **mámoas**, antas, medorras ou medoñas.



Se queres coñecer como eran os dolmens, podes ollar [este vídeo](#) de 30 seg. de duración.



Se queres afondar sobre o megalitismo, podes ollar [este vídeo](#) de 2' de duración.



